



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Dereito Penal. Parte xeral	Código	612G01010	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Ramos Vazquez, Jose Antonio	Correo electrónico	jose.ramos.vazquez@udc.es	
Profesorado	Martínez-Buján Pérez, Carlos	Correo electrónico	c.martinez-bujan@udc.es	
	Ramos Vazquez, Jose Antonio		jose.ramos.vazquez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da norma penal e da teoría xurídica do delito			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer o papel do Dereito penal como medio formal de control social integrado nun ordenamento xurídico complexo	A1	B11	C3
	A3	B12	C4
	A9	B3	C7
	A11	B5	
	A12		
	A14		
Coñecer a norma penal na súa estrutura interna, a súa interpretación e a súa aplicación tempo-espacial	A8		
Coñecer a infracción penal nos seus elementos constitutivos	A10		
Analizar uns feitos concretos e argumentar a existencia ou non de responsabilidade penal		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1 O DEREITO PENAL: CONCEPTO E FUNCIONES	1. Concepto de Dereito penal 2. Funcions do Dereito penal
TEMA 2: PRINCIPIOS INFORMADORES DO DEREITO PENAL	1. O principio de legalidade 2. O principio de proporcionalidade 3. O principio "ne bis in idem" 4. Outros principios
TEMA 3 FONTES DO DEREITO PENAL	1. A lei penal 2. O problema das leis penais en branco 3. ¿Outras fontes do Dereito penal?
TEMA 4 INTERPRETACION DA NORMA PENAL	1. Concepto de interpretacion 2. Tipos de interpretacion
TEMA 5 APLICACION DA NORMA PENAL NO ESPAZO E NO TEMPO	1. A retroactividade en Dereito penal 2. O principio de territorialidade da Lei penal



TEMA 6: TEORÍA XURÍDICA DO DELITO : PRANTEXAMENTO XERAL	1. Metodoloxía seguida 2. Estrutura da teoría Xurídica do delito
TEMA 7: ACCIÓN E TIPICIDADE	1. O concepto de acción 2. O tipo penal
TEMA 8: EL PROBLEMA DA ADECUACIÓN A TIPO NOS DELITOS DE RESULTADO	1. Causalidade 2. Imputación obxectiva
TEMA 9 A ANTIXURIDICIDADE MATERIAL.	1. Concepto 2. O ben xurídico
TEMA 10 A OMISIÓN	1. Omisión propia 2. Omisión impropia
TEMA 11 A ANTIXURIDICIDADE FORMAL	1. Dolo e imprudencia 2. As causas de xustificación
TEMA 12 A CULPABILIDADE	1. Concepto de inculpabilidade 2. Causas de exclusión da culpabilidade
TEMA 13 A PUNIBILIDADE. OUTROS PRESUPOSTOS DA PENA ALLEOS Ó DELITO	1. Condicións obxectivas de punibilidade 2. Causas persoais de exclusión da pena
TEMA 14 O ITER CRIMINIS	1. Actos preparatorios punibles 2. A tentativa
TEMA 15 AUTORÍA E PARTICIPACIÓN	1. Autoría 2. Participación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A3 A9 A11 A12 A14 B8 B11 B12 B3 B5 C3 C4 C7	10	0	10
Aprendizaxe colaborativa	A10	10	0	10
Estudo de casos	A1	10	10	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	A8	10	0	10
Lecturas	A1	0	20	20
Presentación oral	A10	1	10	11
Proba obxectiva	A8	2	0	2
Proba oral	B8	1	0	1
Saídas de campo	A1	5	0	5
Sesión maxistral	B8	21	0	21
Solución de problemas	B8	5	0	5
Análise de fontes documentais	B8	5	0	5
Traballos tutelados	B8	2	18	20
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Nas clases prácticas, o docente organizará debates sobre temas penais de actualidade.



Aprendizaxe colaborativa	Os estudantes traballarán en grupo diversos temas, debendo mostrarse activos e colaboradores cos compañeiros do seu grupo.
Estudo de casos	A praxe é un dos elementos clave da nosa disciplina. Por el, a formulación e resolución de casos prácticos en clase será un dos elementos basilares do desenvolvemento da docencia.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Ao longo do curso, a Área organizará diversas xornadas, conferencias, etc. sobre temas de interese para o estudante, complementándose así a súa formación.
Lecturas	Ao longo do curso poderá proxectarse un filme, que será a base para a análise dalgunhas cuestións penais básicas.
Presentación oral	A lo largo del curso, los estudiantes deberán presentar ante sus compañeros las conclusiones del trabajo tutelado al que se hace referencia infra.
Proba obxectiva	Formulación de preguntas acerca dos temas do programa da materia
Proba oral	Non haberá proba oral.
Saídas de campo	Organizaranse visitas aos diversos xulgados e tribunais da cidade, co fin de que o estudante poida ver in situ o desenvolvemento da praxe xudicial.
Sesión maxistral	Tendo en conta que o programa vén dividido en 21 leccións, a metodoloxía docente discorrerá do seguinte modo: a cada lección corresponderalle unha hora teórica na que -mediante o sistema de lección maxistral- o docente introducirá o estudante nos aspectos básicos de cada tema. Como soporte ás súas explicacións, o docente poderá proporcionar materiais (sentenzas, extractos de obras doutriniais...) e, eventualmente, un esquema-guía cos puntos clave do desenvolvemento da súa explicación. En todo caso, a explicación do docente deberá ser complementada polo estudante tanto cos materiais que lle fosen proporcionados ao efecto como pola consulta dos manuais que aparecen na bibliografía recomendada.
Solución de problemas	O docente formulará tanto nas horas teóricas coma nas prácticas problemas conceptuais de certo calado, debendo o alumno, apoiado polos materiais ofrecidos e o razoamento xurídico, ofrecer posibles solucións (en todo caso, sempre deberán ser fundamentadas e razoadas).
Análise de fontes documentais	Análise das principais fontes de Dereito penal
Traballos tutelados	Ao longo do curso, o docente poderá tutorizar traballos sobre aspectos particularmente interesantes do programa co fin de que o estudante adquira certas nocións de como se investiga nas disciplinas xurídicas, manexo de bibliografía etc. As conclusións do devandito traballo deberán ser presentadas ante os seus compañeiros, fomentándose así o intercambio de ideas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada ao estudante non estará vinculada a só unha metodoloxía, senón que será constante. Neste sentido, tanto o contido das clases teóricas, como o estudo persoal do alumno, coma calquera das actividades que integran o curso contarán coa posibilidade dunha tutorización por parte do docente, co fin de que o estudante poida formular as súas dúbidas e dificultades e que o docente poida axustar as súas metodoloxías ás especificidades da persoa concreta. Para estes efectos, o estudante poderá contar con atención personalizada (sempre, loxicamente, dun modo organizado) tanto nas horas lectivas coma nos horarios de titorías.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A1	Análise de casos reais	20
Proba obxectiva	A8	Examen teórico práctico sobre a materia	80

Observacións avaliación



Ao longo de curso avaliaranse os coñecementos prácticos e teóricos do alumno. Para iso establécese o seguinte sistema de avaliación. As probas oficiais de maio e xullo terán un valor máximo de 8 puntos sobre 10 en ambos os dous casos. As probas oficiais realizaranse na data estipulada no calendario de exames aprobado por Xunta de Facultade. Poderán realizarse examéns parciais ao longo do curso, cuxa nota se ponderará coa dos exames finais de maio e xuño. As distintas actividades que se realicen ao longo do curso, antes das probas de maio e xullo, terán un valor de ata 2 puntos. O alumno superará a materia en 1ª oportunidade cando sumadas as notas sobre 2 (das actividades realizadas ao longo do curso) e a obtida na proba de maio se alcance o mínimo de 5 puntos sobre 10 sempre que se alcanzase polo menos 4 puntos sobre 8 no exame oficial. De non superar a materia en 1ª oportunidade, a nota alcanzada nas actividades realizadas ao longo do curso resérvanse para a súa suma á nota que se obteña na proba de mes de xullo. O alumno superará, polo tanto, a materia en 2ª oportunidade cando sumadas as notas sobre 2 (das actividades realizadas ao longo do curso) e a obtida na proba de xullo se alcance o mínimo de 5 puntos sobre 10, sempre que se alcanzase polo menos 4 puntos sobre 8 no exame oficial. As notas alcanzadas coas actividades que se realicen ao longo do curso só serán tidas en conta se o alumno se presenta ás probas oficiais de maio ou xullo. Só así procederase á súa suma para os efectos de cualificación. Tanto as probas de maio e xullo coma as actividades que se realicen ao longo do curso poderán adoptar formas diversas, isto é, actividades tipo test, pregunta curta, pregunta longa, etc. No caso de que o estudante teña dispensa de asistencia a clase concedida pola comisión de docencia, a súa avaliación realizarase exclusivamente a través do exame, que terá un valor do 100% da materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - ORTS BERENGUER, E./GONZÁLEZ CUSSAC, J.L. (2019). Compendio de Derecho Penal (Parte General y Parte Especial). Valencia. Tirant Lo Blanch - MIR PUIG, S. (2015). Derecho penal. parte general. - DÍEZ RIPOLLÉS, J. L. (2016). Derecho Penal Español Parte General . Valencia. Tirant lo Blanch
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - CRIMIMEDIA (). http://crimimedia.uab.cat/index.php?option=com_content&task=view&id=13&Itemid=28. - CRIMINET (). http://criminet.ugr.es/. - CONGRESO DE LOS DIPUTADOS (). http://www.congreso.es. - TRIBUNAL CONSTITUCIONAL (). http://www.tribunalconstitucional.es. - CONSEJO GENERAL DEL PODER JUDICIAL (). http://www.poderjudicial.es. - MINISTERIO DE JUSTICIA (). http://www.mjusticia.es. - ÁREA DERECHO PENAL. UPF (). http://www.upf.edu/bibtic/es/dret/penal.html. - ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE DERECHO PENAL (). http://www.penal.org/new/index.php?langage=es. - QUINTERO OLIVARES, G. (2011). Comentarios al Código penal español. Cizur Menor. Thomson Aranzadi - ZUGALDÍA ESPINAR, J.M. et al. (2010). Fundamentos de Derecho penal. Parte general . Valencia. Tirant Lo Blanch - ECRIM Criminalidade e Xustiza Penal no século XXI (). http://www.ecrim.es.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003
Comunicación oral e escrita/612G01004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría do Dereito/612G01006
Organización constitucional do Estado/612G01009
Teoría e práctica da argumentación xurídica/612G01041

Materias que continúan o temario



Dereito Sancionador/612G01020

Dereito Penal. Parte especial/612G01025

Traballo fin de Grao/612G01031

Criminoloxía/612G01038

Dereito Penitenciario/612G01039

Prácticas externas/612G01048

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías